






nova ARDENTÍA

Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial - Nº 16, 2024

Oficios
de escuma





NÁUFRAGO: MANUEL GARCÍA PEREIRA, "BOBBY" PARA OS AMIGOS



Arturo Sánchez Cidrás

O Nuevo Barrena de Manuel García Pereira

Nado no outubro do 1937, no lugar da Carrasqueira, preto do Pazo de Santa Cruz, miradoiro do mar, da praia e da vila de Bueu. Seus pais acababan de fuxir da praia da Banda do Río de Bueu, onde o mar puxo máis dunha vez en perigo a integridade de toda a familia ao golpear a pequena chabola que lles servía de vivenda. Por eses días o medo percorría as rúas de Bueu e o Depósito municipal estaba ateigado, con 27 detidos acusados de tenza de explosivos, por recolleren armas, por reunión clandestina, etc. Moitos deses serían fusilados ou 'paseados', como lle ocorrera meses atrás, entre outros, ao alcalde *Johán Carballeira* (Xosé Gómez de la Cueva) e ao 1º tenente de alcalde, Francisco Piñeiro.

Manuel García era o do medio de nove irmáns (catro homes e cinco mulleres). Pertence á familia dos *Barrena*, alcume que lle vén de moi atrás na ascendencia paterna, e que aquí se identifican con mariñeiros. Seu pai, mariñeiro na baixura, tivo un barco que chamaba *Alfredo Saralegui* (nome do fundador, entre outros, dos Pósitos de Pescadores) e os seus fillos, a medida que ían medrando, acompañárono nas faenas do mar.

Manuel, con poucos anos, estaba a tirar co resto da familia pola tralla que suxeitaba o calón da rede da arte nas postas das praias de Bueu ou, se era en xullo-agosto, polas praias e mares de Ons, Montalvo ... ou en outubro co molinete á vieira pola costa de Bueu. A pesar de tanto esforzo e traballo, a fame estivo presente toda a infancia e xuventude de Manuel. El mitigábaa comendo amoro-

dos do Pazo de Santa Cruz, lagartos arnais que 'pescaba' cun anzol e logo de sacarlle a tripa e pel asaba nunha fogueira, ou collendo espigas de millo aínda novas con leite... Ata aquí o rapaz que, cando lle tocou ir ao servizo militar, foi todo contento, pois alí tería para comer...

Ao acabar o servizo militar, no 1959, marchamos para Cádiz.

Case toda a vida andou á pesca polos mares das nosas rías, mais cando rematou o servizo militar veu para a casa, e vendo que por Bueu a pesca seguía coas mesmas dificultades que dende que era rapaz, decidiu marchar na busca de mellores oportunidades. Foise cuns veciños, Modesto e Suso Gago, para Cádiz. Por aquelas datas, Cádiz era destino prioritario para os mariñeiros galegos, pois os armadores instalaban as bases dos barcos alí, máis preto dos caladoiros africanos nos que traballaban.

Enroleime no Marisco. Era un barco pequeneiro de vapor.

Alí enrolouse nun barco de pesca de Marín. Ían a mareas de 8-9 días á costa occidental africana, á altura de Casa Branca (Marrocos).

Andabamos ao marisco, sobre todo á gamba. O noso patrón era de Palmeira (Ribeira) e os armadores do barco eran de Marín. Queixábanse sempre do que colliamos, pois ou había moito na lonxa, polo que valía pouco, ou



Bobby nunha imaxe do 1959

sempre valía máis o marisco que non traíamos. Desculpas para pagar menos... Eu secaba peixe no espartel¹ para vender e facer uns pesos máis... Que miseria!

Dende que se foi aos mares de altura, o mariñeiro estaba preso polo barco, polo tempo de marea e pódese dicir que tamén era escravo no traballo cando había moito peixe no cope ou polo trato dalgúns patróns e armadores sen escrúpulos. E había moitos!

Ghanabamos unha miseria... Un mes de mareas boas sacabamos unhas 3.000 pesetas.

Sempre a expensas do que daba o mar e do que pagaban en terra os intermediarios/exportadores.

Estabamos na zona de Kenitra, antes de chegar a Casa Branca (Marrocos). Había un temporal con olas ghrandísimas.

Costa occidental de África, o barco ía en ruta costeando Marrocos cara ó Sur. O vento do Levante é frecuente e riza moito o mar.

Rematados os traballos, antes de deitarme fun á cocíña

1 Parte pegada á cheminea ou “garda calor” onde se almacenaban víveres, barrís, salvavidas etc. Está cara á popa da ponte do barco.

2 O do barco de Manuel era tamén de Bueu, coñecido polo alcume da familia, *Os Cornetas*. Ían dous irmáns, o outro era mariñeiro.

3 Talla ou recipiente grande onde gardaban, limpaban e trataban o marisco.

a fritir uns salmonetes, pois tiña fame e así tamén tomaba un pote de viño ...

A pesar de que o barco tiña cocíneiro², era habitual que despois de traballar o lance os mariñeiros fixesen entre eles unha caldeirada de peixe, ou algún que outro mariñeiro que saía da garda preparase uns peixes ou comía algo do que levaba nos seus víveres. Xa pasara a medianoite, case todos durmían, pois ían buscando nova praia para largar os aparellos, polo que Manuel preferiu comer uns peixes que levaba o barco e así non gastaba nada do seu.

Sentín gholpear a talla ('tina')³ na cuberta de proa e fun trincar as drizas para suxeitala.

Cando se puxo a fritir escoitou o golpear, un pouco máis a proa de onde estaba, do recipiente onde botaban o marisco para preparalo. Soltáranse unhas cordas que o suxeitaban. Ante o temor de que se desfixese, acabase rompendo o costado do barco ou mancasse a alguén, saíu a ata-las drizas.

Cando estaba atándoas, co movemento do barco por culpa das ondas, a talla veu cara a min e tiven que dar un salto para esquivala. O vento berraba forte e unha grande onda peghou no costado do barco e, barrendo a cuberta, levoume con ela.

Non lle dou tempo a nada! Cando escoitou o golpe xa estaba el polo aire, máis ben polo mar, somerxido como se fose un peixe. Non podía respirar, ao querer facelo tragaba auga, moita auga. Non sabía para onde ir, pero notaba que algo o arrastraba...

Caín coas botas. Menos mal que xa non tiña a roupa de augas. Estaba cun xerseí. Era de noite, á 1 ou 1:30 h. Onde vin morrer! Me cagho na c...!

A gravidez do lastre que supuñan as botas anegadas de auga dificultaba manter o aire de vida. A xuventude, o medo, a rabia, a experiencia dos moitos anos mozos turrrando a diario cos mares da ría e, sobre todo, as gañas de vivir, conseguiron liberalo.

Mais o calvario só comezara a súa andaina. Agora estaba a mercé das ondas que, durante un tempo que se fixo eterno, xogaban coa vida de Manuel tratándoo como refugallo humano e esforzándose en engulilo.

Sorte que as aughas estaban quentes!

Manuel sente como o abrazo cálido do mar lle daba algunha esperanza e mitigaba un pouco a soidade e a desesperación. Consolaba saber que noutros mares como os de Terranova, se caías ao mar, morrías conxelado nuns minutos e el xa levaba un tempo rebulindo na auga e seguía vivo.

Mirei o barco... vai... vai... xa estaba lonxe

Aínda estaba pelexando por manterse a flote cando se decata de que as ‘luces de guía’ do barco afástanse cada vez máis, apenas miraba uns puntos de luz nun horizonte de chuvia e vento mesturado coa espuma do mar, cada vez que a ondada o izaba.

Quen me dera morrer!

A desesperanza e o medo a un maior sufrimento anunciaba un abandono na pelexa pola vida. Pero a súa vida sempre fora dura. A fame perseguíao dende neno. Ata pelexara como boxeador afeccionado para paliala⁴. Decidiu aguantar algún asalto máis. Non tiña moito que perder e moito que gañar: a vida.

A ver! Se hai deus, que me salve! Me cagho...!

Por uns momentos cambiou de táctica, suplicou, máis ben esixiu, que o salvarsen. Tería que ser un milagre, pero dáballo igual. Era mozo e quería vivir. Agora que comezaba a ter unha vida independente e con futuro de mariñeiro...

Nunha destas mirei as ‘situacións’ do barco e as luces da ponte. Aí vén! Tran, tran, tran... Puxéronse os pelos de punta!

Cando me xirei para tratar de ollar algo ao que agarrarme, vin as ‘luces de situación’ do barco que me indicaban que regresaba.

Logo decateime de que case houbera un incendio a bordo

A fritada que involuntariamente abandonara Manuel comezou a queimarse e a desprender unha grande cantidade de fume, que chegou ata a ponte. O patrón de costas díxolle ao rapaz que levaba a garda do temón que fose abaixo, a ver que pasaba. Baixou e deu a voz de alarma e o patrón ordenou chamar á tripulación para facer reconto.

Falta Bueu! Falta Bueu!

4 Facíase chamar *Machinbarrena*.



Manuel García Pereira

Decatáronse de que faltaba *Bueu*, que así chamaban a Manuel. Foron mirar se estaba no catre. Ao non atopalo, o patrón mandou dar a volta, pois deuse por feito que con aquel temporal caera ao mar non había moito.

Dou a vida que era un barco de vapor, que non era de motor diésel. E iso que non tiña aparellos (GPS,...) como os barcos de agora.

Grazas a ser o barco a vapor, ía amodo e non lle dera tempo de percorrer unha distancia longa. Ademais contou tamén a pericia do patrón, quen, a pesar do temporal e sen moitos medios de navegación, fixo unha manobra perfecta de desandar o andado pola mesma ruta.

Ían cunhas luces apuntando o mar e chamándome. Eu berrei canto puíden.

Animado polo achegarse do barco e por ver as luces buscando no mar embravecido, Manuel berraba e axitaba os brazos.

Está aí! Está aí!

Aos gritos e sinais do mariñeiro que apuntaba coa lanterna a Manuel na auga, o patrón dispúxose a manobrar para recollelo.

Non había forma de collerme. A manobra era complicada polo mar e polo barco. Unha e outra vez intentouse en van.

O barco estaba ao pairo, mais daba bandazos. Manuel tanto estaba ao lado do barco como desaparecía da vista. El mesmo axudaba nadando cara ao costado do barco. Cando só quedaba recoller o náufrago, o que parecería máis fácil despois do acontecido, resultaba un labor imposible xa que o temporal o impedía.

Con 22 anos que tiña aghuantaba... De súpeto, Broooooom! Contra a cheminea...

Nadaba e o mar afastábao, pero xa estaba máis veces preto do barco. De pronto escoitou un berro tremendo do mar que o envolveu. Non podía ser que no último momento, cando estaba a piques de vivir, o mar o engulise para sempre coa mirada incrédula dos seus compañeiros. Un forte golpe na cabeza espertouno dese pesadelo. Unha grande onda, igual que o levara, tróuxoo, deixándoo cun pote na cabeza que dera ao chuspilo contra a cheminea.

Déronme café, coñac (non había whisky!). Agharrei un caghallón!

A Manuel, para reanimalo, déronlle café e coñac. El tomouno como celebración, como unha benvida a bordo. Manuel tiña moito que celebrar e celebrounha e outra vez, ata que non puido máis e quedou durmido.

Case teño unha agharrada co patrón. Pois aínda con cara de 'chulito' metíase connigho dicíndome: 'Se non te collemos estarías comido polas quenllas e os marrajos...'

As bromas non as levaba ben vindo do patrón, polo que, se non o paran ou mesmo se ao patrón se lle ocorre baixar á cuberta, habería lío. Pero coa volta á faena da pesca todo se aparca, pois o traballo é duro e acapárao todo.

Cando caín ao mar nin botas me deron. Andei a traballar descalzo.

Cando espertou deuse de conta doutra realidade. Como "non pasara nada", a vida do barco seguía coma sempre, pero como perdera as botas, tería que traballar descalzo o resto da marea.

Tiveron que facer unha "recolecta" entre os compañeiros para mercarme unhas botas, senón estaría cos pés comidos polas quenllas...

Algo incompreensible pero foi así. Un naufraxio que non foi naufraxio e unha falta de sensibilidade acorde coa época na que ocorreu e impasible co sufrimento padecido pola clase traballadora do mar ao longo de todos os tempos.

Os compañeiros recadaron os dez pesos que valían unhas botas novas e Manuel mercounas nada máis chegar a terra. As botas, a 'colchoneta', o pan e demais víveres era o que, coma equipaxe de miseria, levaba cada mariñeiro.

Fun dúas mareas máis e logo casei e marchei para Sevilla. Andei no Concepción Barreras.


Manuel estivo nese barco poucas mareas máis, xa que veu casar a Bueu na véspera de San Martiño de 1960. Antes de rematar o ano marchou a Sevilla para ir ao mar no barco *Concepción Barreras*, de armadores de Vigo, no que andou dez meses. Pero a *Caballera* reclamábao insistentemente, o que lle serviu de áncora para fondear no mar de Bueu e pasar a maior parte da súa vida laboral á pesca de baixura. Agora viúvo, vive ao carón da Praia de Loureiro, gozando dunha xubilación merecida, coa familia e cos amigos...



Manuel García e a Caballera

OS BOTES ÁRTABROS: "PAJARITO"

Roberto Santos



Nesta páxina quero presentar o *Pajarito*, moi coñecido entre os que andamos a movernos nesta historia das embarcacións tradicionais e moi representativo



do que foron os botes das Rías Altas no século XX.

O *Pajarito* foi construído en Perbes no ano 1907 polo carpinteiro Ramón Picos e levou por nome *Santo Tomás*. Este bote tamén ten unha connotación persoal para min, pois pertenceu ao meu bisavó José Bastida, veciño do Seixo, quen no ano de 1911 o comprou en Pontedeume e pasou a súa folla de asento a Ferrol, co nome de San José. Con este nome e sendo propiedade de Ramiro Fernández, veciño de Barallobre, que o adquire en 1928, desenvolverá a súa actividade profesional, ao longo de case sesenta anos.

No 1986 foi adquirido polo meu vello amigo Juan Romero, o *Tío Mini*, quen lle soubo dar unha segunda vida. Con *Mini*, participou activamente en regatas e encontros, reivindicando un lugar na memoria e facendo ver que as Rías Altas tiñan embarcacións tradicionais de seu. E non era o único, formaba parte dunha xeración de botes que se construíran no primeiro terzo do século XX, algúns desaparecidos como o *Picado* (deliñado por A. Loureiro, sábese dos seus detalles), pero outros aínda a frote, como o *Enxebre*, de Susa, en Ferrol; o *María Xesús*, de Rogelio, en Ares e o *Trasno*, de Pedro, en Perbes. En todos eles o empeño dos seus propietarios de manter estas embarcacións, por propia iniciativa, sen outra axuda, foi a salvagarda dunha parte da nosa historia e patrimonio popular.

O *Pajarito*, como os botes mencionados, é herdeiro das liñas características dos antigos botes do Ártabro e dos seus irmáns maiores, os trincados. Ao mencionar agora os antigos botes, lembro comentarlle a súa antigüidade ao meu veciño do Seixo, Manolo o